

María Vieites, Física, dende o CERN co IES Ribadeo Dionisio Gamallo

María Vieites, impartiu para o alumnado de ciencias de 4º ESO e 1º Bach unha conferencia titulada “**O Cern: acelerando e detectando partículas**”. Para nós é un orgullo poder contar con ela por varios motivos: foi alumna nosa no Porta da Auga antes da fusión dos centros, é filla de Teresa Díaz, a nosa compañeira de Física e Química e ademais conseguiu un brillante currículo nun tempo meteórico.

María cursou o grao de Física na USC con estancias de summerstudent en Hamburgo e Lausane, Suiza, no Centro Acelerador de Partículas. A continuación fixo o mestrado e despois comezou coa tese marchando un ano ó CERN. Doutorouse en Física Nuclear e agora traballa alí como Investigadora post doutoral no Grupo de Física de Altas Enerxías. Toda esta traxectoria, valeulle para ser premiada no 2020 como mellor científica galega menor de 30 anos.

Explicounos como funciona o Centro Acelerador de Partículas, que é a máquina máis grande construída polo ser humano, deunos datos tan curiosos como que o túnel do acelerador está situado a 100 metros de profundidade e que traballan coas temperaturas máis frías de toda a galaxia, a $-271,3^{\circ}\text{C}$ pero ademais, **tratou de que entenderamos a necesidade da antimateria nun mundo dominado pola materia**. María, que se dedica a facer investigación fundamental e non aplicada, contounos que o seu traballo permítelle estar en contacto diario con científicos e científicas colaboradores do CERN repartidos por máis de 80 países e que a información é compartida entre todos o que supón unha grande vantaxe á hora de investigar. Finalmente, María, que foi gran colaboradora como alumna en moitas Feiras da Ciencia, confesounos que ademais de investigar tamén lle gusta divulgar para achegar a ciencia ó público e alentou ó noso alumnado a estudar o que lles guste e a non ter medo a enfrentarse a novos retos. No seguinte enlace, podedes vela (<https://youtu.be/c1jYEiWpdg>) e dende o IES de Ribadeo, queremos darlle a noraboa e mandámoslle un saúdo cariñoso.

Susi Besteiro Cabanas

Directora IES Ribadeo Dionisio Gamallo

